

FARO DE VIGO

«Arrepíntome de reivindicar o modelo masculino de independencia»

Versos sobre a decepción do amor romántico e do primeiro encontro sexual, versos sobre deixar de ser a muller que eras ao dar á luz. Falamos do novo poemario de Luísa Abad, o seu camiño vital en lírica. Preséntao hoxe en Vigo

[Mar Mato](#)

10 de xuño de 2025

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2025/06/10/luisa-abad-sereas-afonicas-arrepintome-reivindicar-modelo-masculino-independencia-118430338.html>

«Sereas afónicas» (Editorial Elvira) é o terceiro poemario de [Luísa Abad](#) –viguesa nacida na Coruña no 1951–. Vén refrendado polo limiar de [Antía Otero](#) e o epílogo de [Rexina Vega](#). Os poemas serán presentados hoxe ás 19.30 horas na Biblioteca da EMAO en Vigo coa presenza da autora; Vega, o editor Xabier Romero, Amada Traba e a música de M.J. Pérez.

-«Sereas afónicas» aparece como verso ao longo dos poemas.

-As sereas son personaxes mitolóxicos que encarnan a sedución e o temor ás mulleres. O patriarcado impúlsanos ás mulleres a destacar pola beleza, polas voces afinadas, cando estamos un pouco afónicas de berrar polos nosos dereitos. Tamén fai referencia ao conto de Andersen onde a sireíña renuncia á súa voz para poder ter pernas, o que é un sacrificio.

-Unha idea que se repite é a de andar un camiño sen modelos. Para a súa xeración de mulleres, foi complexo.

-As mulleres que destacaban nos xornais naquela altura eran as artistas e fermosas. Non había outros modelos de muller. Se non pensabas destacar no arte, o modelo era o masculino. Por iso, creo que nos primeiros tempos nos equivocamos un pouco. Querías os dereitos que tiñan eles.

-Relacionado con isto, escribe: «Arrepíntome de desdeñar o valor dos coidados».

-Antes, nas escolas, primeiro estudaban as mulleres separadas dos homes. Despois, xuntáronnos, e as mulleres pasamos a estudar o currículo dos homes. Todo o feminino se

desprezaba e nós sentímolos así. De feito, algúns dos poemas que máis me gustan deste poemario son os que teñen que ver coa cociña. Aí están os coidados invisibles femininos. Nós non queríamos ser como a mamá, que facía os traballos da casa. Sería mellor que eles tamén aprendesen a cociñar como nós. Arrepíntome de reivindicar o modelo masculino de independencia que non coida. Coidar dos demais tamén é revolucionario. O ideal dos coidados é compartilos entre homes e mulleres.

-«Quixen encher de auga un cesto». Non se podía describir mellor a desilusión do amor romántico e a decepción do primeiro encontro sexual.

-Tiñamos moi idealizado o [amor](#) e a primeira vez non é unha marabilla; o sexo é algo que tes que ir aprendendo, quitando os medos. Tamén teño poema sobre a primeira regra, sobre o primeiro fillo, o test de embarazo. Son as primeiras veces poetizadas. Calquera persoa se pode identificar.

-A maternidade tampouco a pinta de rosa.

-A maternidade é moi ambivalente, dáste conta de que é para sempre e que che cambiou a vida totalmente. Ten partes deliciosas e tremendas, eu quería poñelas todas.

-Cara o final, indica que sente unha liberación por ser unha muller maior.

-Si, porque xa somos as mulleres invisibles. Xa non valemos pola beleza e xuventude e iso libéranos ao non estar nos mandatos do patriarcado.